

# DEMOLICIÓN

un espectáculo escrito e dirixido  
por Cándido Pazó

con Toño Casais  
e Artur Trillo



# a compañía

Talía Teatro é unha compañía teatral creada en 1988, cun selo propio e orixinal.

Os seus espectáculos son unha marca con denominación de orixe que definen un estilo e unha forma de facer teatro.

Hoxe, 26 anos despois do seu inicio, tense consolidado como unha das compañías galegas de maior prestixio e repercusión.

Desde os seus inicios, a compañía perseguiu a dignificación do teatro e das artes escénicas como transmisores dos valores culturais do país.

Aínda que se dirixe a un amplo abano de espectadores, tamén presta unha especial atención ao teatro infantil e xuvenil porque considera que a creación de novos públicos é unha das materias pendentes do teatro feito en Galicia.

O traballo da compañía ten sido merecedor de numerosos premios polas súas montaxes:

- Premio Max Mellor autor teatral en Galego por Pelos na lingua
- Mellor texto teatral en galego. María Casares 2012: Pelos na lingua
- Mellor actor secundario. María Casares 2008: Artur Trillo por E ti, quen vés sendo?
- Premio FETEGA 2007 ao Mellor actor a Toño Casais por Esperando a Godot.
- Mellor actor protagonista. María Casares 2004: Artur Trillo por Bicos con lingua
- Mellor Texto orixinal. María Casares 2004: Bicos con lingua

**Actualmente ten en cartel os seguintes espectáculos:**

- O método Grönholm
- Pelos na lingua
- Bicos con lingua
- Sopa de Sapo
- XANGO, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina
- Pequena
- Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can)

# O autor e director: Cándido Pazó

Autor, director de escena, narrador oral e actor. Cándido Pazó conta cunha longa traxectoria no mundo do teatro.

Esta é a sexta colaboración de Cándido Pazó con TALÍA Teatro (despois de A secreta obscenidade de cada día, Xustiza infinita, Bicos con lingua, A paz do crepúsculo e E ti quen vés sendo?), ocupándose dos textos (como autor ou tradutor - adaptador) ou/e da dirección escénica.

Trátase dun director que ademais de poñer ao servizo da compañía a súa longa traxectoria, é coñecedor da maneira de funcionar da mesma, é coñecedor dos intérpretes e polo tanto fai que o proceso de creación sexa o máis adaptado posible, aproveitando e optimizando as pericias e potencialidades interpretativas dos actores.

## **Premios como autor:**

- Premio “Xeración Nós” 1.989 por O melro branco.
- Premio María Casares 2.000 ao Mellor Texto Orixinal por O bululú do linier.
- Premio Max 2002 ao Mellor Texto Orixinal en Galego por Ñiki Ñaque.
- Premio María Casares 2003 ao Mellor Textro Orixinal, en colaboración con outros autores, por Bicos con lingua.

## **Premios como director de escena:**

- Premio Compostela 1.993 á Mellor Dirección por Commedia, un xoguete para Goldoni.
- Premio María Casares 1.998 á Mellor Dirección por Nano.

## Artur Trillo

Autor, director e actor. Artur Trillo leva máis de 25 anos dedicados ao teatro e como director da compañía TALÍA TEATRO. Ademais ten realizado montaxes con outras compañías: Teatro do Atlántico, Lagarta Lagarta, CDG,...

Ten recibido premios pola súa traxectoria:

- 2012 Premio Max Mellor autor teatral en Galego por Pelos na lingua
- 2012, Premio María Casares na categoría autor por Pelos na lingua
- 2010 Premio María Casares na categoría Dirección por Palabras encadeadas.
- 2008 Premio María Casares na categoría Actor secundario por E ti, quen ves sendo
- 2005 Premio María Casares na categoría Actor Protagonista por O Encoro, de Teatro do Atlántico.
- 2004, Premio María Casares na categoría Actor Protagonista por Bicos con lingua

## Toño Casais

Leva máis de 25 anos dedicados ao teatro e vinculado como a TALÍA TEATRO como elenco estable. Tamén ten realizado montaxes con outras compañías: Teatro do Atlántico, CDG e realizado proxectos para o audiovisual.

Ten recibido os seguintes recoñecementos pola súa traxectoria:

- 2010, Premio María Casares na categoría Actor protagonista por Palabras encadeadas.
- 2006, Premio FETEGA na categoría Actor Protagonista por Esperando a Godot.
- 2005, Premio María Casares na categoría Actor Secundario por O Encoro, de Teatro do Atlántico.

## O texto

Demolición é un texto para dous actores. De tendencia e referencias realistas e actuais. De intención amena e dinámica. De signo aberto pero aportando a posibilidade de diversas lecturas de menor ou maior calado, desde a máis epidérmica, baseada na divertida relación entre os personaxes e nos enxeñosos diálogos que esta suscita, á máis profunda, coas reflexións e metáforas que, explícita ou veladamente, se propoñen sobre as actitudes vitais e sociais e o compromiso cívico a respecto da historia e o tempo de cada quen, tendo a referencia á especulación e á crise inmobiliaria á que pode aludir o título como trasfondo, como motor argumental, máis que como tema principal.

## o espectáculo

### **Unha situación, un conflito, personaxes e diálogo**

Catro pés para o banco da comunicación teatral. Hai outros. Pero quixemos probar se chegaba con estes para que o banco se mantivese en pé.

### **“Comidrama”**

Xa que o concepto existe, outorguémoslle un nome.

Un termo que exprese esa alquimia dramática entre o humor e a emoción, entre a dor e o pracer, entre o divertimento e a reflexión.

**A espera**, un eco beckettiano que chega de lonxe. **O fracaso colectivo** reverberando metaforicamente.

**A fragilidade humana** resoando no fondo do precipicio.



## Ficha artística e técnica

### Intérpretes

Toño Casais\_\_\_\_\_Din

Artur Trillo\_\_\_\_\_Mario

Diseño de escenografía e cartel\_\_\_\_\_Carlos Alonso

Diseño de vestuario e maquillaxe\_\_\_\_Martina Cambeiro

Fotografía\_\_\_\_\_Rubén Prieto

Diseño de iluminación \_\_\_\_\_Dani Trillo

Producción\_\_\_\_\_Auri Ferreiro

Axudante de dirección\_\_\_\_\_Diego Rey

Dirección\_\_\_\_\_Cándido Pazó

Produccións Teatrais Talía S.L.U.  
Rúa Touro 31-3ºB, 15704 Santiago  
Tfno. 981943242  
[info@taliateatro.es](mailto:info@taliateatro.es)